

Concello de San Sadurniño

Expediente núm.: 394/2023

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista da solicitude realizada pola entidade “Asociación Casa do mel”, con CIF G70243852 e número de rexistro de entrada 2023-E-RE-385 de 23 de maio de 2023,

Visto que o Anexo de Subvencións nominativas que acompaña ao Orzamento 2023 inclúe unha previsión de subvención de 1.800,00€ para a entidade solicitante, consignados na partida 1710.48000,

Examinada a documentación presentada, vista a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de San Sadurniño e de conformidade co artigo 21.1 f) e s) da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Outorgar unha subvención directa nominativa con cargo á aplicación 1710.48000 do orzamento de gastos da Corporación para 2023 ao beneficiario “ASOCIACIÓN CASA DO MEL” pola cantidade de 1.800,00€

SEGUNDO. Formalizar a subvención no correspondente convenio, no que se detallen as obrigas e compromisos do concesionario para aplicar a subvención e xustificala, coas previsións que se sinalan como anexo á presente resolución, que terá carácter de bases reguladoras da mesma.

TERCEIRO. Notificar aos interesados o outorgamento da concesión da subvención, comunicando que o prazo para que se presente a documentación xustificativa da subvención finaliza o 30 de novembro de 2023, puidendo solicitarse prórroga de ata un mes máis.

CUARTO. Fornecer a información sobre a concesión á Base de Datos Nacional de Subvencións.

En San Sadurniño, a data de sinatura electrónica

O alcalde,

Secundino Garcia Casal

Ante min

A Secretaria,

Olalla Alvarez de Neyra Martinez



Concello de San Sadurniño

ANEXO – BASES REGULADORAS DA SUBVENCION

PRIMEIRA.- A presente subvención nominativa ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello de San Sadurniño e a Asociación Casa do Mel.

SEGUNDA.- Para o seguimento da subvención e dous seus fins poderá crearse unha Comisión Mixta de Seguimento, de carácter paritario, na que estarán representados, por parte do Concello de San Sadurniño o Alcalde ou concelleiro ou concelleira en quen delegue, e por parte da entidade beneficiaria, a persoa que ocupe a súa presidencia.

As funcións desta comisión concretaranse en:

- Facer un seguimento do cumprimento do indicado nas cláusulas da subvención.
- Revisar os acordos actuais e dar o visto e prace ás addendas que puidesen sumarse á subvención.
- Representar os intereses do Concello de San Sadurniño e da entidade beneficiaria relativos ao contido desta subvención ante as institucións públicas ou privadas coas que sexa preciso relacionarse para a consecución dos obxectivos.
- Formular cantas propostas sexan necesarias para enriquecer e mellorar o obxecto da subvención.

TERCEIRA.- O Concello de San Sadurniño comprométese a:

Permitir á Asociación Casa do Mel, mercé á autorización que a tal efecto ten realizado a AGFA do Eume, o acceso de maneira gratuíta ás instalacións da Horta de Conservación e demostración das froiteiras autóctonas “Carlos Fornos”, onde está situado o Colmear didáctico municipal.

Asemade, permitiráselle á asociación o uso do colmear e do material existente.

CUARTA.- Á vista de que este Concello ten entre os seus obxetivos “traballar para desenvolver sistemas alimentarios sostibles, inclusivos, resilientes, seguros e diversificados, para asegurar comida sa e accesible a todos nun marco de acción baseado nos dereitos, co fin de reducir os desperdicios de alimentos e preservar a biodiversidade e, ao mesmo tempo, mitigar e adaptarse para os efectos dos cambios climáticos”. Para dar resposta a esta necesidade é preciso subvencionar a actividade da Asociación Casa do Melo como medio de consecución dos obxectivos indicados en colaboración coa promoción privada, toda vez que o Concello de San Sadurniño carece de medios persoais e materiais suficientes para unha actuación equivalente.

QUINTA.- As actividades a desenvolver pola entidade beneficiaria son:

- Asumir os traballos necesarios de mantemento do colmear durante o ano 2023. O mantemento do apiario, incluírá a colocación de trampas con atraentes para a Vespa velutina entre os meses de marzo e decembro, a reposición de abellas coa adquisición de núcleos e de láminas de cera galega.
- Adquirir o material necesario para a reposición dos elementos deteriorados polo seu uso para a súa utilización no Colmear didáctico municipal, como son as casacas, luvas, pinzas para



Concello de San Sadurniño

cadros, cepillos etc.

- Contratar un seguro para as colmeas que ampare dos posibles problemas que puideran causar as abellas.
- Instalar unha exposición apícola didáctica na Feira Rural de San Sadurniño, que todos os anos organiza o Concello, así como realizar as visitas guiadas programadas. Así mesmo, colaborar con aquelas outras actividades relacionadas coa posta en valor do colmear didáctico.
- Organizar conxuntamente coa AGFA do Eume, a Asociación Agroecolóxica A Cortiña e o Concello o ciclo de charlas “apostando polo sector primario”.
- Organizar un curso de apicultura, que deberá ter un desconto do 50% no prezo para as veciñas e veciños de San Sadurniño. O curso realizarase sempre que se inscriba un mínimo de 10 persoas, de non ser así, as inscricións poderán realizar o curso en Goente dentro da programación da Casa do Mel.
- Retirar niños de Vespa velutina naqueles lugares que se determinen entre as partes, e que sexan considerados un perigo para as persoas por mor da proximidade a espazos públicos.
- Realizar dúas visitas guiadas anuais ao colmear didáctico, para o alumnado do CPI de San Sadurniño. Esta actividade estará coordinada coa dirección e/ou coa ANPA do centro escolar.
- Ceder o mel procedente do devandito colmear, entre os escolares visitantes do CPI de San Sadurniño.
- Estruturar e coordinar as visitas guiadas, que terceiras persoas realicen ao Colmear didáctico, para promover e difundir a apicultura, e que se poderán complementar con visitas ás instalacións da Casa do Mel de Goente (As Pontes). No caso de ser necesario, coordinaranse as visitas coa AGFA (Asociación Galega da Froita Autóctona) do Eume, para promover e difundir tamén as variedades de froiteiras autóctonas existentes na Horta de Conservación “Carlos Fornos”.
- Comunicar nun prazo de 10 días, á AGFA e ao Concello de San Sadurniño das actividades que pretenda realizar no apiario.
- Colaborar co Concello na organización e celebración das xornadas de apicultura que se consideren oportunas entre as partes.
- A estes efectos, o obxecto da subvención virá dado pola colaboración económica por parte do Concello de San Sadurniño no desenvolvemento pola Asociación casa do Mel das actividades indicadas no termo municipal de San Sadurniño.

SEXTA.- A execución das actividades deberá realizarse ao longo do exercicio 2023, sendo subvencionables os gastos correntes relativos ao obxecto da subvención que de maneira indubidada respondan a natureza da actividade mencionada e sexan efectuados e aboados dentro do ano natural.

O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia de data de pago e da identidade do



perceptor.

SÉTIMA.- As obrigas da entidade beneficiaria serán as establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e nomeadamente as seguintes:

- Desenvolver a actividade subvencionable durante o ano 2023.
- Dar publicidade do financiamento deste Concello en calquera medio escrito, radiofónico, audiovisual ou de internet en que se publiciten as actividades da entidade, mediante a inserción da imaxe visual do Concello (imagotipo e logotipo) en toda a cartelaría, folletos e publicidade en xeral que sexan editados con ocasión do desenvolvemento de actos deportivos (Regulamento de imaxe visual corporativa do Concello, publicado no BOP nº 99 do 27/05/2013)
- A entidade fará uso tamén do logotipo do proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal, do que o Concello de San Sadurniño é entidade promotora, no material divulgativo que edite, toda vez que o mesmo pode ser beneficioso directa e indirectamente para a Asociación.
- Cumplir cos compromisos sobre uso da lingua galega e promoción da igualdade e a inclusión; en concreto, nas súas comunicacións e publicidade a entidade beneficiaria comprométese ao uso da lingua galega, á utilización da linguaxe inclusiva non sexista e a empregar imaxes que promovan os valores da inclusión e da igualdade.
- A entidade beneficiaria comprométese a sumarse ás campañas desenvolvidas por parte do Concello de San Sadurniño en relación á promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero.

OITAVA.- A subvención do Concello de San Sadurniño é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, conxuntamente co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

A xustificación dun importe inferior determinará a redución proporcional da achega municipal.

NOVENA.- O importe da subvención aboarase con cargo aos créditos que figuran no orzamento de gastos, aplicación orzamentaria 2023/3410.48000, destinados a tal fin e o pago realizarase previa presentación da documentación xustificativa por medios telemáticos:

- Memoria declarativa das actividades realizadas financiadas coa subvención con desglose de gastos e o seu custo
- Relación de facturas ou documentos de igual valor probatorio no tráfico mercantil dos gastos realizados xunto cos orixinais ou copias cotexadas das mesmas e os xustificantes de pago dos mesmos (poderán achegarse copias simples, e o Concello resérvase a posibilidade de solicitar a exhibición dos orixinais)
- Certificación ou declaración de terse realizado o obxecto da subvención
- Memoria explicativa da actividade xunto con xustificación documental onde conste o cumprimento das obrigas da cláusula Quinta(recortes de prensa, programas de man, fotografías...)
- Relación detallada e certificación das cantidades obtidas por subvención ou axuda de outras



Concello de San Sadurniño

entidades

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, certificada cunha antigüidade máxima de 10 días respecto da data de presentación da conta xustificativa

As memorias declarativa e explicativa poderán presentarse nun só documento segundo modelo normalizado.

DÉCIMA.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá levar aparellada a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pago dos xuros de demora que se xeren o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O réxime xurídico aplicable será o establecido nesta resolución, na Ordenanza Xeral de subvencións, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e na súa normativa de desenvolvemento.

